

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO, A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E CRUZ ROJA ESPAÑOLA PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DE CRUZ ROJA ESPAÑOLA DE VIVENDAS CO OBXECTO DE DESTINALAS A ACTUACIÓNS DE ACOLLIDA A PERSOAS REFUXIADAS A DESENVOLVER POLA XUNTA DE GALICIA.

*Esta fotocopia é fiel e exacta
reproducción do seu orixinal.*

En Santiago de Compostela, a 18 de xullo de 2016

Santiago, **21 XULL. 2016**
XEFE do SERVIZO
de CONTRATACIÓN
Jorge Outeiro Santos

REUNIDOS

Dunha parte, Dña. Ethel María Vázquez Mourelle, Conselleira de Infraestruturas e Vivenda, en virtude da atribucións que lle confire o Decreto 165/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Vivenda (DOG nº 220, do 18 de novembro), e na súa calidade de Presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante, IGVS), segundo o artigo 4 do Decreto 97/2014, de 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do Instituto Galego da Vivenda e Solo (DOG nº 147, do 5 de agosto).

Doutra parte, D. José Manuel Rey Varela, Conselleiro de Política Social, en virtude das atribucións que lle confire o Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social (DOG nº 232, do 4 de decembro).

Doutra parte, Dña. María del Carmen Colmeiro Rojo, Presidenta do Comité Autonómico de Cruz Roja Española, en representación da mesma, conforme o nomeamento realizado o 17 de abril de 2015 polo Presidente de Cruz Roja Española, en virtude das atribucións conferidas polo artigo 15 dos Estatutos da Institución.

As partes declaran a plena vixencia das facultades coas que actúan e recoñécense capacidade legal suficiente para outorgar o presente Convenio e, a tal efecto,

MANIFESTAN

I. A vixente Lei de vivenda de Galicia, Lei 8/2012, do 29 de xuño, establece como un dos seus eixos de actuación, dentro das políticas públicas en materia de vivenda, a implantación de plans e programas orientados a favorecer o acceso á vivenda en réxime de aluguer. En concreto, o artigo 88.2 da lei indica que as administracións públicas poderán adoptar medidas dirixidas a impulsar a posta no mercado de vivendas en aluguer, cos obxectivos prioritarios de mobilizar as vivendas baleiras e favorecer o acceso á vivenda a colectivos singulares, en particular, colectivos sociais especialmente desfavorecidos, vulnerables ou en situación de exclusión social, mulleres vítimas de violencia de xénero, persoas maiores e persoas novas que pretendan acceder á vivenda por primeira vez.

Ante a situación de crise humanitaria que se está a producir cos refuxiados, o IGVS, en canto órgano competente en materia de vivenda na Comunidade Autónoma de Galicia,

segundo o establecido no artigo 3 da Lei 3/1988, do 27 de abril, considera necesario atender ás necesidades de acollida e aloxamento deste colectivo singular.

II. Na actualidade o IGVS dispón de vivendas facilitadas por varias entidades financeiras en virtude dos Convenios asinados para facilitar a permanencia na vivenda de persoas afectadas por execucións hipotecarias e para a cesión de vivendas baleiras, co obxecto de destinalas á protección de debedores hipotecarios, a afectados por desafiuzamentos por impago de rendas e a outras políticas sociais en materia de vivenda.

En virtude do presente convenio, as citadas vivendas poderanse poñer a disposición de Cruz Roja Española para que as destine á acollida e aloxamento de persoas refuxiadas.

III. A Consellería de Política Social ten competencias en materia de servizos sociais, entre as que se inclúe a política de inmigración e a coordinación do proceso de acollida e integración das persoas refuxiadas no territorio da Comunidade Autónoma, de acordo co disposto no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social (DOG núm. 232, do 4 de decembro).

Neste sentido, a Consellería de Política Social, para o adecuado desenvolvemento das actuacións de acollida a persoas refuxiadas que está a desenvolver a Xunta de Galicia, require dispoñer dun número mínimo de vivendas para destinalas, ben a aquelas persoas e unidades familiares que se benefician destas actuacións, ben a aquelas entidades que colaboren nesa tarefa, coma é o caso de Cruz Roja Española.

IV. Cruz Roja Española manifesta o seu interese en asumir a xestión de tales vivendas para que as mesmas podan ser destinadas a satisfacer as necesidades de aloxamento das persoas comprendidas no ámbito das citadas actuacións de acollida a persoas refuxiadas a desenvolver pola Xunta de Galicia.

Polas razóns anteriores, as partes comparecentes acordan formalizar o presente convenio de colaboración, que levan a efecto en virtude das seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto deste convenio é establecer as condicións de colaboración entre o IGVS, a Consellería de Política Social e Cruz Roja Española que permitan a esta última asumir a xestión das vivendas que lle poña a disposición o IGVS coa finalidade de destinalas a satisfacer as necesidades de aloxamento das persoas comprendidas no ámbito das actuacións de acollida a persoas refuxiadas a desenvolver pola Xunta de Galicia.

Segunda.- Compromisos do IGVS

O IGVS comprométese poñer a disposición de Cruz Roja Española a xestión das vivendas referidas na Cláusula primeira do presente Convenio.

O IGVS e Cruz Roja Española asinarán os correspondentes contratos para a posta a disposición das vivendas, segundo o modelo que figura como Anexo a este Convenio, no

que se recollerán as condicións de xestión das vivendas, cun período de duración dun ano, prorrogable por períodos anuais ata un máximo de tres anos e sen que en ningún caso a posta a disposición poida superar os períodos de vixencia dos correspondentes convenios asinados entre o IGVS e as entidades financeiras para facilitar a permanencia na vivenda de persoas afectadas por execucións hipotecarias e para a cesión de vivendas baleiras co obxecto de destinalas á protección de debedores hipotecarios, afectados por desafiuzamentos por falta de pagamento de rendas e outras políticas sociais en materia de vivenda.

Serán a conta do IGVS os gastos de mantemento ordinario das condicións de habitabilidade da vivenda (zonas privativas), reparacións ordinarias necesarias e os correspondentes á obtención do certificado de eficiencia enerxética.

Terceira.- Compromisos e condicións da xestión por parte de Cruz Roja Española das vivendas postas a disposición polo IGVS

Cruz Roja Española destinará as vivendas única e exclusivamente á ocupación polos beneficiarios das actuacións de acollida a persoas refuxiadas a desenvolver pola Xunta de Galicia.

Cruz Roja Española pagará mensualmente ao IGVS unha contraprestación fixa de 125 € por cada vivenda durante o período de ocupación da mesma polos refuxiados, rateándose dita cantidade por días de ocupación efectiva para os períodos inferiores ao mes.

Así mesmo, Cruz Roja Española velará polo coidado, adecuada utilización e bo uso das vivendas por parte dos seus destinatarios durante a vixencia dos contratos de posta a disposición que asine co IGVS, asumindo os danos e prexuízos que se puideran derivar en caso contrario.

As subministracións de luz, auga e gas das vivendas serán dados de alta por Cruz Roja Española ou, no seu defecto, polo IGVS. Os consumos das subministracións deberán ser asumidos por Cruz Roja Española.

Cuarta.- Compromisos da Consellería de Política Social

De acordo coas actuacións de acollida a persoas refuxiadas a desenvolver pola Xunta de Galicia, a Consellería de Política Social coordinará a posta a disposición dos recursos necesarios para a súa atención, especialmente os de sanidade, educación e servizos sociais, nas localidades onde radiquen as vivendas que o IGVS poña a disposición de Cruz Roja Española.

Quinta.- Comisión de Seguimento

Constitúese unha Comisión de Seguimento, integrada como mínimo por dous representantes de cada unha das partes do presente convenio. Esta Comisión reunirse a petición de calquera das partes e, polo menos, dúas veces ao ano. Ante unha petición de reunión por escrito dunha das dúas partes, esta deberá producirse nun prazo non superior a 15 días naturais.

*Esta fotocopia é fiel e exacta
reproducción do seu orixinal.*

Santiago,

21 XUL 2016



XEFE do SERVIZO
de CONTRATACIÓN

Jorge Couteiro Santos

Santiago,

21 XULL. 2016

As funcións da comisión de seguimento serán as seguintes:

- a) Efectuar o seguimento do grao de cumprimento dos obxectivos do presente convenio e dos compromisos das partes.
- b) Velar para que se cumpran as finalidades para as que se cede a xestión das vivendas obxecto do convenio.
- c) Resolver as controversias que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio.

As decisións da Comisión de seguimento adoptaranse por unanimidade.

Cruz Roja Española, a través dos seus representantes na Comisión de Seguimento deste Convenio, facilitará ao IGVS as localidades nas que conta con comités técnicos para atender a estas persoas, a fin de que o organismo poda analizar a dispoñibilidade de vivendas en ditas localidades.

Sexta.- Vixencia

Este convenio estará vixente durante un período dun ano, a contar desde a súa sinatura. O devandito prazo é prorrogable por períodos anuais, sempre que así o acorden expresamente as partes.

Non obstante, a duración total do Convenio non poderá superar en ningún caso o período de vixencia dos convenios asinados polo IGVS coas entidades financeiras para facilitar a permanencia na vivenda de persoas afectadas por execucións hipotecarias e para a cesión de vivendas baleiras co obxecto de destinalas á protección de debedores hipotecarios, afectados por desafiuzamentos por falta de pagamento de rendas e outras políticas sociais en materia de vivenda.

Sétima.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do convenio as seguintes:

- a) O mutuo acordo das partes que o subscriben, manifestado por escrito.
- b) A imposibilidade legal ou material de continuar co obxecto do convenio.
- c) O incumprimento de calquera das súas cláusulas.

Oitava.- Confidencialidade

De conformidade co establecido no artigo 14 e seguintes da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, e no artigo 29 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, acceso á información e bo goberno, os asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no presente convenio e demais especificacións contidas no mesmo poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

As partes comprométese a tratar os datos persoais que foran postos no seu coñecemento unicamente coa finalidade e alcance de executar o establecido no presente Convenio,

respectando os requisitos establecidos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, e na súa normativa de desenvolvemento.

Novena.- Divulgación do contido deste Convenio

As partes poderán participar na promoción, divulgación e difusión das actividades e dos resultados obtidos coma consecuencia da execución deste Convenio mediante as publicacións correspondentes nas súas páxinas web e demais medios de comunicación.


Décima.- Réxime Xurídico

O presente convenio non lle será de aplicación a lexislación de contratos das Administracións Públicas, conforme ó disposto no artigo 4.1.d) do Real Decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación supletoria dos principios da Lei para resolver as dúbidas ou lagoas que se puideran presentar.


E en proba de conformidade, asinan este convenio por triplicado e a un só efecto no lugar e data arriba indicados.

Polo INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

Pola CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL




Ethel María Vázquez Mourelle



José Manuel Rey Varela

Por CRUZ ROJA ESPAÑOLA



*Esta fotocopia é fiel e exacta
reproducción do seu orixinal.*

Santiago,

21 XULL. 2016



XEFE do SERVIZO
de COORDINACIÓN

Jorge Outeiriño Santos

María del Carmen Colmeiro Rojo

